



Ana Álvarez Becerra, Concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte SOLICITUDE ante o **Pleno da Corporación Municipal**, en relación coa información sobre a Escola Infantil Municipal de Ribeira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 27 de setembro de 2004 acordouse no Pleno deste concello a adxudicación do concurso convocado para a xestión do servizo público da Escola Infantil Municipal a unhas adxudicatarias -as Sras. García Escurís- que levan xestionando dende aquela esta escola. A empresa que quedou en segundo lugar -“Colexio Os Milagros, S.L.”- presentou un recurso contencioso-administrativo (Número 175/2005) contra o Concello de Ribeira no Xulgado Contencioso-administrativo número un de Santiago de Compostela. A razón pola que as adxudicatarias deste concurso (Sras. García Escurís) non podían presentarse ao concurso é que o fixeron como a unión de dúas persoas físicas sen formalización xurídica. O fallo deste Xulgado (emitido en decembro de 2006 e notificado ao concello en xaneiro de 2007) foi “resolver o concurso a favor da recorrente -Colexio Os Milagros” e declarar nula a adxudicación realizada no pleno”. Interpúxose un recurso de apelación, (número 4183/2007) por parte do Concello de Ribeira, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e o 26 de febreiro deste ano 2009 emite sentenza e falla en contra do concello de Ribeira desestimando o recurso de apelación e sendo ademais esta resolución definitiva por non caber contra ela ningún outro recurso.

O grupo municipal do BNG enterouse de forma extraoficial desta información xa que o goberno municipal do PP non informou aos grupos da oposición do recurso presentado polo concello de Ribeira nin da sentenza emitida polo TSX de Galicia.

Polo exposto, o Grupo Municipal do BNG

SOLICITA:

Que se informe sobre a sentenza emitida polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e sobre as medidas tomadas a cabo polo goberno municipal dende a data na que tiveron constancia desta sentenza.

Que se faga cumprir a sentenza do TSX e se adxudique ao “Colexio os Milagros, S.L.” a xestión da Escola Infantil Municipal da Ribeira.

Ribeira, 9 de setembro de 2009

Asdo.: Ana Álvarez Becerra

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA